

#### IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

*ORDE do 17 de xullo de 2024 pola que se resolve o concurso específico de méritos entre persoal funcionario de carreira e en prácticas dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para prover postos de persoal docente en prazas sometidas a convenio ou a programas específicos desta consellería, convocado mediante a Orde do 21 de maio de 2024 (Diario Oficial de Galicia número 106, de 3 de xuño).*

Mediante a Orde do 21 de maio de 2024 convocouse concurso específico de méritos entre persoal funcionario de carreira e en prácticas dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para prover postos de persoal docente en prazas sometidas a convenio ou a programas específicos desta consellería (DOG núm. 106, de 3 de xuño).

Pola súa vez, a base novena da citada Orde do 21 de maio de 2024 encomenda á Comisión de Selección, entre outras funcións, elevar a proposta ao órgano de resolución, isto é, á persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da adxudicación das prazas ofertadas ás persoas previamente seleccionadas.

En consecuencia, mediante a Resolución do 16 de xullo de 2024, a Comisión de Selección resolve, entre outros termos, de conformidade coas atribucións conferidas na base novena da dita orde, aprobar e facer pública, no anexo II da citada resolución, a proposta da adxudicación de destinos obtidos polas persoas concursantes seleccionadas para cubrir as prazas que se especifican, consonte o establecido na base décimo segunda desta orde e segundo a orde de prelación sinalada polas persoas concursantes na súa solicitude, así como elevar a citada proposta ao órgano de resolución, isto é, á persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Consonte co que antecede e para os efectos de dar cumprimento á base décimo quinta da Orde do 21 de maio de 2024, e á vista da proposta da Comisión designada efectuada mediante a Resolución do 16 de xullo de 2024, esta Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

#### DISPÓN:

Primeiro. Acoller, en todos os seus termos, a proposta efectuada pola Comisión designada mediante a Resolución do 16 de xullo de 2024.



Segundo. Resolver e facer pública, como anexo a esta orde, a adxudicación de destinos obtidos polas persoas concursantes seleccionadas, de acordo coa súa orde de preferencia e a teor do baremo aplicado, de conformidade coas vacantes convocadas pola referida Orde do 21 de maio de 2024.

Terceiro. De conformidade co disposto na base décimo sexta da citada convocatoria pública, as prazas adxudicaranse con carácter provisional, de maneira que as persoas seleccionadas deberán incorporarse e tomar posesión con data de efectividade do 1 de setembro de 2024, e cesarán, de ser o caso, no seu destino de procedencia o 31 de agosto do mesmo ano.

Así mesmo, as prazas adxudicaranse en réxime de comisión de servizos, por un período dun (1) ano e ata un máximo de seis (6), e con reserva do posto de traballo de orixe, de acordo co disposto no punto 2 do artigo 3 do Decreto 244/1999, do 29 de xullo, polo que se regula a cobertura de diversas prazas por funcionarios públicos docentes que impartan ensinanzas de niveis non universitarios.

Cuarto. Contra esta orde, que lle pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular con carácter potestativo un recurso de reposición ante a persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, no prazo dun (1) mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous (2) meses perante o xulgado do contencioso-administrativo que resulte competente, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición derradeira única

Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos para ditar as disposicións que sexan necesarias para aplicar e desenvolver esta orde.

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2024

Román Rodríguez González

Conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional





**ANEXO**

**Adjudicación definitiva de destino ás persoas concursantes seleccionadas para cubrir as prazas que se especifica Orde do 21 de maio de 2024 concurso méritos específico de prazas sometidas a convenio ou a programas específicos desta consellería (DOG núm. 106, do 3 de xuño)**

| Código posto | Centro   | DNI           | Nome           | Apellido 1   | Apellido 2    | 1   | 2.1 | 2.2  | 2.3 | 2.4 | Tot. 2 | 3.1 | 3.2 | Tot. 3 | Tot. 4 | Puntuación total |
|--------------|--|---------------|----------------|--------------|---------------|-----|-----|------|-----|-----|--------|-----|-----|--------|--------|------------------|
| 1            | AFEXDI: Santiago de Compostela                       | ***3513**     | Leticia        | Navarret     | Rodríguez     | 2   | 0   | 0,25 | 0,5 | 0   | 0,75   | 5   | 0   | 5      | 4      | 11,75            |
| 2            | Hospital Clínico de Santiago                         | Praza deserta |                |              |               |     |     |      |     |     |        |     |     |        |        |                  |
| 3            | Hospital Arquitecto Marcide de Ferrol                | ***0460**     | Raquel         | Abella       | Brozos        | 5   | 0   | 0    | 0   | 0   | 0      | 5   | 0   | 5      | 4      | 14               |
| 4            | Hospital Universitario Lucus Augusti                 | ***4245**     | Zaida          | Guerra       | López         | 5   | 0   | 0,25 | 0   | 0   | 0,25   | 5   | 0   | 5      | 4,05   | 14,3             |
| 5            | Complejo Hospitalario de Pontevedra                  | ***0970**     | Matilde Isabel | Ortigueira   | Hermida       | 5   | 0   | 0    | 1   | 0   | 1      | 5   | 0   | 5      | 4,65   | 15,65            |
| 6            | Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo                    | ***8385**     | María          | Fernández    | Gómez         | 5   | 0   | 0    | 0   | 0   | 0      | 5   | 0,1 | 5,1    | 4,1    | 14,2             |
| 7            | Centro base da ONCE: Santiago de Compostela          | ***5722**     | Alejandro      | Gorgal       | Romaris       | 3   | 1   | 0    | 0   | 0   | 1      | 5   | 0,3 | 5,3    | 4,1    | 13,4             |
| 8            | Centro base da ONCE: Lugo                            | ***3366**     | Eva María      | Lage         | Gil           | 5   | 0   | 0    | 0   | 0   | 0      | 5   | 2,3 | 7,3    | 4,05   | 16,35            |
| 9            | CIFP-Coia en Vigo                                    | ***2286**     | Iago           | Luca De Tena | López Escobar | 4   | 0   | 0    | 0   | 0   | 0      | 5   | 0,4 | 5,4    | 4,8    | 14,2             |
| 10           | Asesor Abalar Desenvolvemento-Santiago de Compostela | ***5807**     | Juan Manuel    | Penalta      | Rodríguez     | 3   | 0   | 0    | 0   | 0   | 0      | 5   | 3   | 8      | 4,87   | 15,87            |
| 11           | Asesor Abalar Desenvolvemento-Santiago de Compostela | ***5475**     | María          | González     | Sal           | 0,5 | 0   | 0    | 0   | 0   | 0      | 3,9 | 0   | 3,9    | 4,90   | 9,3              |
| 12           | Asesor/a Abalar de zona: AMTEGA, Zona Allariz        | ***3560**     | Ignacio Amado  | Salgado      | Alvarez       | 5   | 0   | 0    | 0   | 0   | 0      | 5   | 3   | 8      | 4,06   | 17,06            |
| 13           | Asesor/a Abalar de zona: AMTEGA, Zona Ferrol         | ***4734**     | Antonio        | Aneiros      | López         | 5   | 0   | 0    | 0   | 0   | 0      | 5   | 3   | 8      | 4,03   | 17,03            |
| 14           | Asesor/a Abalar de zona: AMTEGA, Zona O Barco        | ***1459**     | María Yolanda  | Ferreiro     | Dominguez     | 5   | 0   | 0    | 0   | 0   | 0      | 5   | 0   | 5      | 4,01   | 14,01            |
| 15           | Asesor/a Abalar de zona: AMTEGA, Zona Tui            | ***7337**     | Luís Alberto   | Diaz         | Portas        | 5   | 0   | 0    | 0   | 0   | 0      | 5   | 3   | 8      | 4,02   | 17,02            |



| Código posto | Centro   | DNI           | Nome                 | Apellido 1 | Apellido 2 | 1 | 2.1 | 2.2 | 2.3 | 2.4 | Tot. 2 | 3.1 | 3.2  | Tot. 3 | Tot. 4 | Puntuación total |
|--------------|--|---------------|----------------------|------------|------------|---|-----|-----|-----|-----|--------|-----|------|--------|--------|------------------|
| 16           | Escola de especialidades Antonio Escaño-Ferrol (A Coruña)_ Sistemas Electrónicos.              | ***4183**     | María De Los Ángeles | Rodríguez  | Casanova   | 5 | 0   | 0   | 0   | 0   | 0      | 5   | 0    | 5      | 4,25   | 14,25            |
| 17           | Escola de especialidades Antonio Escaño-Ferrol (A Coruña)_ Equipos Electrónicos                | ***4893**     | Alfredo Emilio       | Fernández  | Martínez   | 5 | 0   | 0   | 0   | 0   | 0      | 5   | 0    | 5      | 4,25   | 14,25            |
| 18           | Escola de especialidades Antonio Escaño-Ferrol (A Coruña)_ Equipos Electrónicos                | Praza deserta |                      |            |            |   |     |     |     |     |        |     |      |        |        |                  |
| 19           | Escola de Especialidades Estación Naval A Graña, ESENGRA (Ferrol-A Coruña)-Cociña e pastelería | ***9092**     | Rhesus Rodrigo       | Poveda     | Rivera     | 5 | 0   | 0   | 0   | 0   | 0      | 5   | 0,10 | 5,1    | 4,05   | 14,15            |
| 20           | Escola de Especialidades Estación Naval A Graña, ESENGRA (Ferrol-A Coruña)-Cociña e pastelería | ***6511**     | José Luís            | Pereira    | Romero     | 5 | 0   | 0   | 0   | 0   | 0      | 5   | 0    | 5      | 4,15   | 14,15            |
| 21           | ASPANAES (Asociación de Padres de Personas con Trastorno del Espectro Autista de A Coruña      | Praza deserta |                      |            |            |   |     |     |     |     |        |     |      |        |        |                  |

